

Compás

Caracterizamos de saída a modalidade métrica dunha peza referíndonos á *isometría* e *heterometría*. Unha peza musical é **isométrica** cando non ten máis que **un compás** que determine a periodicidade dos acentos ao longo do seu desenrolo. Cando **máis dun compás** aparece ou se alterna no decurso da interpretación, entón denominamos a peza **heterométrica**. Se non aparece ningunha indicación, enténdese que a peza é isométrica.

Os compases aparecen escritos do seguinte xeito: **2 números separados** por unha **barra inclinada (/)**. Poden aparecer **entre parénteses: (3/8)**, o que indica que, malia apareceren certas irregularidades, é identificable o metro básico sinalado. Aparecerán as letras **SC (Sen Compás)** cando se escolleu este tipo de escritura, sexa por non axustarse o ritmo a estrutura métrica ningunha, sexa cando a estrutura métrica non está de todo clara. No caso das pezas heterométricas, se se identifica una alternancia básica, poden aparecer citados **dous tipos de compás, separados de comas**.

Exemplos: 2/4; 8/8.

Heterométrica, 3/4, 6/8